

Queres un hospital público ou un hospital privado?

A Xunta di que non ten diñeiro para ampliar Montecelo, pero “regala” a un consorcio de bancos e aseguradoras a xestión dun novo hospital por 20 anos. **Un negocio para eles, que nos costará a todos e todas 6 veces máis.**

Por que hai que abandonar un hospital totalmente renovado?
Porque Montecelo non poden privatizalo todo, e Monte Carrasco, si

Renovar Montecelo costou 57 millóns. Vanse desaproveitar para que bancos e aseguradoras fagan negocio coa nosa saúde.

O modelo privado está xa desacreditado alá onde se probou.

A experiencia Británica da Thatcher:

- Xa escarmentaron: o 83% quere volver á sanidade pública
- En 15 anos de sanidade privada reduciron á metade o número de limpadoras, polo que aumentaron as infeccións
- Dos 23 hospitais con mala limpeza, 20 eran privados.
- O 13% das enfermeiras fóron substituídas por auxiliares sanitarios

Maniféstate!

16Abril

20h na Ferraría

quero ❤ Montecelo

Queres un hospital público ou un hospital privado?

Os hospitais privados teñen entre o 20 e o 30% menos de médicos, enfermeiras e persoal de apoio que os públicos

Segundo o Banco de España, a empresa privada non mellora a xestión dos servizos públicos

Coa xestión privada, o número de camas redúcese unha media dun 30%

En Madrid, nengún dos 7 hospitais de capital privado se entregou en prazo. Teñen menos da metade de médicos por cada 1.000 habitantes que os públicos

O modelo privado é máis caro, pois as empresas levan beneficio. **Quén paga a diferenza? Nós, con máis impostos**

Privatizar a sanidade é o primeiro paso para **instaurar o copago**: pagará máis quen máis enfermo estea

Maniféstate!

16Abril

20h na Ferraría

quero ❤ Montecelo